

Indicadores Migratorios

Resumo de resultados 29/07/2022

ÍNDICE

Introducción	1
Saldos migratorios	2
Taxas de emigración/inmigración	4
Idades medias	5
Poboación estranxeira residente en Galicia	7
Poboación galega residente no estranxeiro	9
Definicións, fontes e máis información	11

Introducción

Unha migración prodúcese cando unha persoa establece a súa residencia habitual nun territorio, tendo anteriormente a súa residencia noutra demarcación xeográfica distinta. A información sobre este tema procede en xeral de distintas fontes cuxo obxectivo inicial non é medir as migracións e que proporcionan aproximacións á súa cuantificación.


Os "Indicadores migratorios" do IGE toman como espazo territorial de referencia a comunidade autónoma de Galicia; consideran movemento migratorio interior aquel que teña orixe e destino un concello galego, e movemento migratorio exterior todo movemento que teña como orixe ou destino o resto de España ou o estranxeiro. Estes movementos clasifícanse segundo xénero, grupos de idade e nacionalidade, e a partir deles calcúlanse saldos migratorios, taxas de emigración/inmigración ou idades medias á migración. Inclúense tamén outras variables relacionadas co fenómeno migratorio, que aínda que non miden directamente movementos migratorios, proporcionan información relevante sobre o seu desenvolvemento, como son as obtidas dos datos sobre residentes estranxeiros en Galicia ou de persoas de nacionalidade española con vinculación cun concello galego residentes no estranxeiro.

Saldos migratorios

O saldo migratorio (diferenza entre as entradas e as saídas) de Galicia en 2021 presenta un valor positivo de 14.448 persoas, un 1,1% inferior ao rexistrado en 2020.

Saldo migratorio total. Galicia

Unidade: persoas




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

O saldo migratorio total por cada 1000 habitantes aumentou na provincia da Coruña e diminuíu nas restantes provincias no ano 2021:

Saldo migratorio total por 1000 habitantes. Provincias

Unidade: tanto por mil (‰)




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Os concellos galegos que en 2021 presentaron maior saldo migratorio interior (é dicir, o saldo dos movementos con orixe e destino en Galicia) foron Oleiros (+405) e Teo (+213), e os de menor saldo interior en 2021 foron A Coruña (-1.136) e Vigo (-1.092).

Saldo migratorio interior. Concellos. Ano 2021.

Unidade: persoas




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Os concellos que presentaron maior saldo migratorio exterior (é dicir, o saldo dos movementos con orixe ou destino fóra de Galicia) en 2021 foron Vigo (+1.978) e A Coruña (+1.550); os que rexistraron menor saldo exterior foron en 2021 Salvaterra do Miño (-169) e A Gudiña (-116).

Saldo migratorio exterior. Concellos. Ano 2021.

Unidade: persoas




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Taxas de emigración/inmigración

Desde 2016 a taxa de inmigración (calculada como as inmigracións por cada 1000 habitantes) supera á taxa de emigración (emigracións por cada 1000 habitantes) en Galicia, tomando no ano 2021 os valores de 9,9 saídas por cada 1000 habitantes e 15,3 entradas por cada mil habitantes.

Taxas brutas emigración/inmigración. Galicia

Unidade: tanto por mil (‰)



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

As taxas de inmigración poden entenderse como unha medida da atracción dun territorio, xa que proporcionan o número de persoas que instalaron alí a súa residencia en relación á poboación desde lugar. Se estas taxas se calculan para o colectivo de persoas de 16 a 64 anos, proporcionan información relevante sobre o dinamismo dese territorio. No ano 2021 os concellos con maior entrada relativa de poboación de 16 a 64 anos foron:

Concellos con maior entrada relativa de poboación de 16 a 64 anos. Ano 2021.

Unidade: tanto por mil (‰)

Concello	Taxa específica de inmigración da poboación de 16 a 64 anos
Arnoia, A	135,4
Lama, A	130,4
Teixeira, A	126,7
Verea	123,0
Veiga, A	112,7
Quintela de Leirado	110,9
Bola, A	103,7
Ourol	102,8
Cenlle	97,7
Xunqueira de Ambía	96,5

Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

De forma análoga, as taxas brutas de emigración enténdense como medida da propensión da poboación dese territorio a emigrar. No caso da poboación de 16 a 64 anos, os concellos nos que esta medida da saída relativa tomaron valores maiores en 2021 foron:

Concellos con maior saída relativa de poboación de 16 a 64 anos. Ano 2021.

Unidade: tanto por mil (‰)

Concello	Taxa específica de emigración da poboación de 16 a 64 anos
Gudiña, A	155,9
Xunqueira de Espadanedo	92,5
Avión	89,4
Beariz	83,9
Salvaterra de Miño	80,8
Rábade	74,9
San Xoán de Río	72,0
Becerreá	71,2
Lama, A	69,0
Teixeira, A	68,6


Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

Idades medias

A análise das idades medias das persoas que entran e saen de Galicia reflicte que desde o ano 2017 o proceso migratorio está a favorecer o rexuvenecemento da poboación galega; as idades promedio das persoas que chegan a Galicia é inferior á das que saen. Durante o ano 2021 as persoas que chegaron a Galicia para fixar a súa residencia tiñan unha idade media de 37,8 anos (41,5 anos os españois e 33,3 anos os estranxeiros), e as persoas que marcharon de Galicia unha idade de 38,2 anos (38,8 anos os españois e 36,9 anos os estranxeiros).

Idade media das migracións exteriores. Galicia

Unidade: anos



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Idade media das migracións exteriores, por nacionalidades. Ano 2021.

Unidade: anos

	Total	Españois	Estranxeiros
Emigracións	38,2	38,8	36,9
Inmigracións	37,8	41,5	33,3

Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

Segundo o xénero das persoas migrantes, os homes que chegaron a Galicia en 2021 tiñan de media 37,5 anos e os que saíron, 38,1 anos. No caso das mulleres, as que chegaron tiñan en promedio 38,0 anos e as que marcharon 38,3 anos.

Idade media das migracións exteriores, por sexo. Ano 2021.

Unidade: anos


	Total	Homes	Mulleres
Emigracións	38,2	38,1	38,3
Inmigracións	37,8	37,5	38,0

Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

Por grao de urbanización, nas zonas pouco poboadas (ZPP) os movementos migratorios son protagonizados en promedio por persoas de máis idade que no resto das zonas. Na comparativa entre as zonas densamente poboadas (ZDP) e intermedias (ZIP), nos movementos exteriores a poboación migrante é máis nova nas ZDP que nas ZIP, mentres que nos movementos interiores os migrantes son persoas de máis idade nas ZDP que nas ZIP.

Idade dos migrantes exteriores, segundo grao de urbanización

Unidade: anos




Os movementos exteriores, tanto co resto de España como co estranxeiro, producen un efecto de rexuvenecemento da poboación galega no ano 2021 nas ZDP e ZIP, mentres que na ZPP prodúcese un lixeiro envellecemento

No caso dos movementos interiores, no ano 2021 son as zonas densamente poboadas as que logran rexuvenecer lixeiramente a súa poboación debido a este tipo de proceso migratorio; porén, tanto nas pouco poboadas como nas intermedias, a idade media das persoas que chegan é lixeiramente superior á idade media das persoas que saen delas.

Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Idade dos migrantes interiores, segundo grao de urbanización.
Unidade: anos




Poboación estranxeira residente en Galicia

Segundo os datos correspondentes ao 1 de xaneiro de 2021 do Padrón Municipal de Habitantes, a poboación estranxeira en Galicia representaba o 4,3% do total; destas, o 4,1% naceran en Galicia e o 95,1% no estranxeiro.

Poboación estranxeira residente en Galicia, segundo o seu lugar de nacemento. Ano 2021.

Unidade: Porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Por idades, só o 6,6% das persoas estranxeiras residentes en Galicia no 1 de xaneiro de 2021 tiñan 65 ou máis anos de idade.

Poboación estranxeira residente en Galicia, por grupos de idade. Ano 2021.

Unidade: Porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

A distribución da poboación estranxeira no territorio galego é desigual: en 2021, a maior porcentaxe de poboación estranxeira (con respecto ao total da poboación municipal) aparece en concellos da provincia de Ourense: Oímbra (16,8%), Carballeda de Valdeorras (14,0%) e A Mezquita (13,8%).

Porcentaxe de poboación estranxeira. Concellos. Ano 2021.

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Tampouco é uniforme a presenza de poboación estranxeira nos sete grandes concellos de Galicia. No ano 2021, nos concellos de Lugo, Ourense e A Coruña supera o 6% do total da poboación, mentres que no concello de Ferrol a poboación estranxeira supón o 3,1% do total.

Porcentaxe de poboación estranxeira residente nos sete grandes concellos de Galicia. Ano 2021.

Unidade: anos

	Total	Homes	Mulleres
GALICIA	4,3	4,2	4,3
A Coruña	6,1	6,3	5,9
Ferrol	3,1	3,0	3,2
Santiago de Compostela	5,4	5,2	5,5
Lugo	6,2	6,1	6,2
Ourense	6,1	6,1	6,1
Pontevedra	4,2	4,1	4,3
Vigo	5,4	5,3	5,4


Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

Poboación galega residente no estranxeiro

A poboación de nacionalidade española inscrita no Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE), con referencia a algún concello galego no 1 de xaneiro de 2022, vive maioritariamente en países de América, o 77,6 %, e de Europa o 21,5 % do total. Por grupos de idade, o 31,6 % ten 65 ou máis anos, mentres que o 9,4 % ten 15 anos de idade ou menos.

Poboación galega residente no estranxeiro por continente de residencia. Ano 2022.


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Poboación galega residente no estranxeiro por grupos de idade. Ano 2022.

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

En canto ao lugar de nacemento desta poboación galega residente no estranxeiro no 1 de xaneiro de 2022, o 26,5 % naceu en Galicia mentres que o 72,6 % naceu no estranxeiro.

Poboación galega residente no estranxeiro segundo lugar de nacemento. Ano 2022.

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

O 76,4 % das novas inscricións no Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE) de galegos e galegas durante o ano 2021 (recollidas no rexistro na data 1 de xaneiro de 2022) tivo lugar en América, e case o 84 % das novas inscricións eran persoas nadas no estranxeiro. En canto á idade desas novas inscricións, case o 60 % delas foi de persoas menores de 35 anos.

Novas inscricións no PERE de galegos e galegas residentes no estranxeiro por continente de residencia. Ano 2022.


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Novas inscricións no PERE de galegos e galegas residentes no estranxeiro por grupos de idade. Ano 2022.


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Novas inscricións no PERE de galegos e galegas residentes no estranxeiro segundo lugar de nacemento. Ano 2022.

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores Migratorios ([descarga da táboa](#))

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Saldo migratorio por grupo de idade e sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Saldo migratorio por 1000 habitantes por sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Taxas de emigración/inmigración por sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Idade media á migración por nacionalidade e sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Idade media á migración por grao de urbanización e sexo. Galicia
- Porcentaxe de poboación estranxeira, por sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Distribución segundo lugar de nacemento da poboación estranxeira residente en Galicia, por sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Distribución por grupos de idade da poboación estranxeira residente en Galicia, por sexo. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Distribución por grupos de idade e sexo dos galegos e galegas residentes no estranxeiro segundo lugar de residencia. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Distribución por grupos de idade e sexo dos galegos e galegas residentes no estranxeiro. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Distribución por grupos de idade e sexo dos galegos e galegas residentes no estranxeiro segundo lugar de nacemento. Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Distribución por grupos de idade e sexo das novas inscricións de galegos e galegas no PERE segundo lugar de residencia. Galicia, provincias e comarcas
- Distribución por grupos de idade e sexo das novas inscricións de galegos e galegas no PERE. Galicia, provincias e comarcas

- Distribución por grupos de idade e sexo das novas inscricións de galegos e galegas no PERE segundo lugar de nacemento. Galicia, provincias e comarcas

Fontes de información

IGE. Indicadores Migratorios.

INE. Padrón municipal de habitantes.

INE. Padrón de españoles residentes en el extranjero (PERE).